



XI TRIATLO DA AMIZADE
Triatlo Jovem de Vila Nova de Cerveira
Tomiño - Vila Nova de Cerveira
Domingo, 17 de Setembro de 2017
 15:30(hora portuguesa)
 16:30 (hora espanhola)



REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

O XI TRIATLO DA AMIZADE é unha organización conxunta da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira e o Concello de Tomiño co apoio técnico da Federación Galega de Triatlón e da Federação de Triatlo de Portugal.

2. Lugar e horarios

As probas discorren entre a localidade Galega de Goián, no Concello de Tomiño, e Vila Nova de Cerveira, sendo a saída e meta no Espazo Fortaleza da localidade de Goián.

Transición: Estará situada no Cais do Rio Minho, em V.N.Cerveira

As coordenadas GPS son: **N 41° 56'27.12 / W 8° 44'45.90**

NOTA: Hora de Portugal: menos 1hora

TRIATLO JOVEM

10:00 às 11:05 – Secretariado junto ao PT no Cais do Rio Minho, em Vila Nova de Cerveira.

10:15 às 11:15 – Colocación do material no PT (material de ciclismo e carreira) e Check-In (situados ambos no Cais do Rio Minho, em Vila Nova de Cerveira)

11:20 – Peche do Control de Material

11:30 – Inicio da proba (**10:30 hora portuguesa**)

13:15 – Entrega de prémios no Cais do Rio Minho, em Vila Nova de Cerveira (12:15 hora portuguesa)

XI TRIATLO DA AMIZADE- TAÇA DE PORTUGAL DE TRIATLO

14:00 às 15:20 – Secretaria xunto ao PT (Cais do Rio Minho, em Vila Nova de Cerveira). **Todos os atletas deben pasar polo secretariado personalmente;**

14:40 às 15:40 – Control de Material/Check in en Transición PT (material de ciclismo e carreira) (Cais de Vila Nova de Cerveira). **Para fazer o check-In é obrigatório presentar documento oficial con foto (DNI/licenza).**

15:00 às 16:20 – Habrá unha embarcación dispoñible para o transporte de atletas.

16:00 – Saída Feminina (15:00 hora portuguesa)

16:10 – Saída masculina (15:10 hora portuguesa)

18:45 – Entrega de prémios no auditorio do Espazo Fortaleza (ao lado da zona de meta)(17:45 HORA PORTUGUESA)

Retirada de Material.- Ao finalizar a proba, despois da chegada do último atleta do sector de ciclismo, da última proba, os atletas poderán retirar o material da AT, exhibindo o seu dorsal à entrada da AT.

Fin de retirada de material.- O tempo limite para retirar o material será de 15 minutos despois da chegada do último atleta.

Habrá unha embarcación dispoñible para o transporte de atletas ao final da proba de volta a Vila Nova de Cerveira.

3 CATEGORÍAS E DISTANCIAS

Circuito Regional Jovem/ Triatlón de Menores

Benxamins (nados en 2008/2010)	50 m / 1000 m / 400 m (1 Volta / 1 volta / 1 volta)
Infantis (nados en 2006/2007)	100 m / 2000 m / 800 m (1 Volta / 1 volta / 1 volta)
Iniciados (nados en 2004/2005)	200 m / 4000 m / 1000 m (1 Volta / 2 voltas / 1 volta)
Juvenis (nados en 2002/2003)	300 m / 8000 m / 2000 m (1 Volta / 4 voltas / 2 voltas)

Triatlo da Amizade

Categorías	Distancias e nº de Voltas
Absoluta (Xeral)	Natación – 750 m (atravesar o Rio)
Cadetes (nados entre 2000 e 2001, 2002)	
Juniores (nados entre 1998 e 1999)	
Sub23 (nados entre 1994 e 1997)	
Veteranos I (nados entre 1968 e 1977)	
Veteranos II (nados entre 1958 e 1967)	
Veteranos III (nados en 1957 e anteriores)	Ciclismo – 19,8 km (3 voltas)
	Carreira – 5000 m (circuíto en liña)

Estas categorías aplícanse tanto a categoría masculina coma feminina

4. DESCRICIÓN DOS CIRCUÍTOS**XI Triatlo da Amizade/ Taça de Portugal de Triatlo**

Natación: Saída da Praia de Goián en dirección á marxe oposta do río Miño. A proba comez cun "S" na marxe española do Río Miño, con 325m e corrente a favor, seguido dunha diagonal, tamén a favor da corrente, e de 425m. A saída da natación será xunto ao Cais do Río Minho de Vila Nova de Cerveira e a proba realizarase no en baixa-mar, polo que a previsión é de pouca corrente.

Ciclismo: 3 voltas de 6km a un circuíto entre o centro de Vila Nova de Cerveira e a Gandarela. O circuíto consta dunha suave subida a Gondarela, onde se localiza o punto de xiro e se volta en descenso a Vila Nova de Cerveira. Circuíto sinuoso e técnico.

Carreira: Circuíto en liña entre a Transición, en Vila Nova de Cerveira, e a meta, instalada no Espazo Fortaleza. Circuíto plano e mixto de asfalto e terra, que atravesa a ponte da Amizade.

Triatlón de Menores/Circuíto Regional Jovem

Natación: Circuíto río arriba no Río Miño, na marxe de Vila Nova de Cerveira, con distancias adaptadas ás diferentes categorías.

Ciclismo: Circuíto de ida e volta, na Av. Do Tomiño, esencialmente plano e en calzada

Carreira Circuíto de ida e volta na Av. Dos Pescadores, plano e en calzada

5. AVITUALLAMIENTO

Carreira - no inicio de cada volta

Meta - haberá bebidas e froita a disposición dos atletas

6. REGRAS - Responsabilidade Xeral:

- Son adoptadas as regras en vigor do [Regulamento Técnico da Federación Española e Galega de triatlón](#) sendo responsabilidade dos atletas coñecer e respectar o mesmo, ben como cumprir as instrucións dos xuíces responsables da proba.

Natación

- Cada atleta é responsable de cumprir o percorrido previamente publicado.
- Prohibido calquera medio de propulsión ou respiración artificial.
- Os deberán obrigatoriamente levar o gorro de natación ata a Transición
- O uso de traxe isotérmico será permitido se a temperatura da auga fose inferior a 22º;
- A organización non se responsabiliza de extravío de calquera material que non fose colocado na caixa numerada correspondente
- Prohibido atravesar o Río Minho a nado antes do inicio da proba.. A sanción por facelo será de 1 minuto na T1
- A organización non se responsabiliza polos danos que poida sufrir o deportista que tente atravesar o río a nado antes do peche de tráfico marítimo e situación de medios de seguridade na auga

Ciclismo

- Permítese ir a roda
- É obrigatorio o uso de casco sempre que se estea en contacto coa bicicleta, dende antes de collela na transición ata volver deixala no seu posto.
- É obrigatorio o uso de dorsal colocado nas costas de xeito visible
- É obrigatorio o uso de placa e dorsal colocadono tubo do sillín e no casco de xeito visible
- Cada participante é responsable do coñecemento do percorrido e de cumprilo .
- Cada participante é responsable do arranxo da súa bicicleta non podendo recibir axuda externa de ningún tipo.
- Cada atleta respectará as indicacións dos axentes de seguridade e o tráfico do circuíto.

Carreira a pé

- Obrigatorio levar o dorsal no peito, ben visible
- Cada participante é responsable do coñecemento do percorrido e cumprimento do mesmo
- Prohibido o acompañamento de calquera participante por persoas de fóra da competición ou vehículos.
- Prohibido deixar lixo no circuíto, salvo nun espazo de 120m despois do avituallamento. **O abandono de lixo fóra destas zonas será sancionado coa correspondente Sanción de Tempo**

7. ESTAFETAS

- As estafetas poderán compoñerse de 2 ou 3 participantes que distribuirán entre sí os diferentes sectores, contando para a clasificación o participante que conclúa a proba na meta.
- Todos os atletas que participen nas estafetas terán que respectar a zona de relevo (transmisión do testigo) ou serán descalificados. A 1ª zona de relevo estará na entrada da Transición (PT1) e a 2ª no inicio do circuíto de carreira a pé (saída da Transición)
- Cada estafeta recibirá un único dorsal. Este debe ser entregado nas transicións xunto ao testigo (unha pulsera) ao relevista do seguinte sector
- Os compoñentes da Estafeta non teñen dereito á camiseta que se entregará ao finalizar a proba.

Ver regulamentos en vigor:

<http://www.federacao-triatlo.pt/ftp2015/a-federacao/estatutos/>

www.fegatri.org

[Regulamento FETRI](#)

8. CLASIFICACIÓNS

Triatlo de Menores/ Circuito Regional Jovem

- Clasificación por categoría e xénero
- Clasificación por equipos

Triatlon da Amizade

- Clasificación Xeral Absoluta.
- Clasificación por Categorías e xénero
- Clasificación por estafeta
- Clasificación Trofeo Amizade

9. PROTESTOS/RECLAMACIÓNS

- Poden ser presentados por todos os estamentos deportivos directamente implicados
- Presentaranse ao Árbitro Chefe de Equipa /Xuíz Árbitro ata 15 min. Despois da publicación dos Resultados Oficiais Provisionais.
- Os protestos/reclamacións serán presentadas por escrito e entregadas, acompañados dunha taxa de 25€, ao Árbitro Chefe de Equipa/ Xuíz Árbitro, quen o recibirá anotándolle a hora de recepción. A taxa será devolta se a reclamación é resolta de xeito favorable.

10. PRÉMIOS

- Trofeos Individuais e colectivos de acordo coas táboas anexas;
- Agasallo de participación para todos os atletas que finalizem o Triatlo da Amizade
- Para a entrega de premios é obrigatoria a presenza dos atletas
- A entrega de premios celebrarase no Espazo Fortaleza, às 18h45

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

11. TROFEO TRIATLO DA AMIZADE

- O Trofeo Triatlo da Amizade é un premio colectivo a disputar entre os atletas portugueses e españoles (galegos).
- A peza símbolo do Trofeo é única e quedará en posesión do equipo vencedor, sendo gardada durante un ano, en función do equipo que o gañe, ou na Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira ou na de Tomiño ata a disputa da mesma en nova edición da proba.
- Para o resultado do país vencedor, súmanse os catro mellores tempos de cada país (2 mellores masculinos e 2 mellores femininos), vencendo o país que sume o mellor tempo.

12. INSCRICIÓNS (Atletas galegos/as)

TRIATLON DA AMIZADE/Taça de Portugal de Triatlo

Prazo de inscrición.- Ata as 23:59 h. Luns , 11 de setembro de 2017

Prezo: 10€ (Cadetes gratuíta)

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo. Todas serán confirmadas na web.

Federados .-

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)
DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Licencias 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

Custe licenza de 1 día de 12 €+ 10€ Inscrición **Total ingreso 22€**

Cadetes non federados só aboarán os 6€ de licenza de 1 día de menores.

TRIATLON DE MENORES

Inscrición gratuita

Seguro: 6 € (só para os atletas non federados)

Prazo de inscrición: ata as 24h00 do luns, día 11 de Setembro

Forma de inscrición:

Federados .-

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Licencias 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

Cadetes e menores non federados só aboarán os 6€ de licenza de 1 día de menores.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

EQUIPAS E ESTAFETAS

Prezo Inscrición 15 €

Por cada participante con licenza de 1 día aboaranse a maiores 12€ de seguro

Enviarse o seguinte formulario con todos os datos cubertos de cada participante, xuntando o xustificante de pagamento e a copia do DNI en vigor á Federación (fegatri@hotmail.com)

Todos os integrantes do relevo que non sexan federados deberán facer a licenza de 1 día

O pagamento, só para os relevos, farase no Nº de conta da Federación Galega de Triatlon e P.M.:

Banco Sabadell ES37 0081 5223 16 0001338040

Custe Equipo 15 € + (12 euros por cada participante non federado/6€ licenza de un día menores no caso dos cadetes)

NOME EQUIPO:		
TELÉFONO:	_____	
SECTOR	DNI	NOME E APELIDOS
NATACIÓN		
CICLISMO		
CARREIRA		

Imprescindible , para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI dos participantes non federados.

Baixas e política de Devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

Unha vez pechado o prazo de inscrición estas non admiten modificacións.

Inscrición Atletas portugueses/as. - Contactar co Federación Portuguesa de Triatlo

CRONOMETRAXE

O cronometraxe sera manual, realizado pola Federación Galega.

13. CASOS OMISSOS

As cuestións non recollidas na regulamentación da FETRI/ FEGATRI serán resoltas polo Delegado/a Técnico/a.

14. OUTRAS INDICACIÓNS

- Totalmente prohibido tirar lixo durante toda a competición.
- Están previstos controles de paso de corredores. Quen non cumpra os percorridos será descalificacdo
- Da aptitude física dos atletas serán responsables os clubs, entidades que os inscriben ou o propio atleta, eximindo á organización da responsabilidade sobre calquera accidente derivado de circunstancias verificadas anteriormente, durante ou despois da proba, tomando as medidas necesarias para unha asistencia eficaz durante o desenvolvemento da mesma.
- O Atleta comprométese a respectar as indicacións dos membros da Organización colocados ao longo do percurso.
- Ao final da proba do Triatlo da Amizade poderase acceder ás duchas nos Balneários do Club de Remo os Teixugos situado a 200 metros da liña de meta.
- Os triatletas participantes no triatlo jovem terán as duchas nos Balneários da Piscina Municipal de Vila Nova de Cerveira.

PREMIOS**Lista de Trofeos e medalhas****Proba Menores**

ESCALÕES	MASCULINOS	FEMININOS
Benjamins	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Infantis	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Iniciados	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Juvenis	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Equipas	1ª, 2ª, 3ª	1ª, 2ª, 3ª

Triatlo da Amizade

ESCALÕES	MASCULINOS	FEMININOS
Absolutos	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Cadetes	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Juniores	1º, 2º e 3º	1ª, 2ª e 3ª
Veteranos	1º, 2º e 3º Vet. I	1ª, 2ª e 3ª Vet. I
	1º, 2º e 3º Vet. II	1ª, 2ª e 3ª Vet. II
	1º, 2º e 3º Vet. III	1ª, 2ª e 3ª Vet. III
Estafetas	1ª	
Equipas	1ª, 2ª, 3ª	1ª, 2ª, 3ª